

INFORMACIÓN XERAL - CURSO ESCOLAR 2023/2024

CEIP O CANTEL

(Consello Escolar celebrado o 07/09/2023)

INICIO DE CURSO: 11 de setembro (Infantil e Primaria)

HORARIO LECTIVO CENTRO: 9:30 – 14:30h.

HORARIO COMEDOR ESCOLAR: 14:30 – 15:15h.

ENTRADAS:

- Alumnado transportado:
 - o O alumnado de infantil segundo vaia chegando o transporte escolar accederá ao recinto escolar e será ubicado no patio coeducativo. Accederán as súas respectivas aulas acompañados das persoas docentes cando toque o timbre.
 - o O alumnado de primaria segundo vaia chegando o transporte escolar accederá as súas respectivas aulas directamente.
- Alumnado non transportado:
 - o Todo o alumnado non transportado accederá ao recinto escolar entre as 9:20 – 9:30h. É importante respectar este horario para evitar estar esperando fora, sobre todo cando as condicións meteorolóxicas non son boas.
 - o O alumnado de infantil será ubicado no patio coeducativo. Accederán as súas respectivas aulas acompañados das persoas docentes cando toque o timbre.
 - o O alumnado de primaria segundo vaia chegando accederá as súas respectivas aulas directamente.

*** As familias permanecerán fóra do recinto agás as de 4º de Infantil que poderán acceder ao recinto escolar acompañando as súas crianzas.

*** O alumnado que non sexa transportado pero que algún dos proxenitores traballe no centro educativo, tanto persoal docente como non docente accederán ao centro cando os proxenitores inicien a súa xornada laboral.

SAÍDAS:

- 14:30h: saída do alumnado que non fai uso do comedor escolar. Serán recollidos polas súas familias directamente nas correspondentes portas de acceso ao edificio.
 - Acceso Infantil: toda a etapa de infantil, 1ºA, 1ºB e 3ºB Primaria.
 - Acceso porta principal: 2º, 4º e 6ºB Primaria.
 - Acceso porta exterior dereita: 3ºA, 5º e 6ºA Primaria.

- 15:15h: saída do alumnado que fai uso do comedor escolar e que non permanece ata as 16:00h. Serán recollidos polas súas familias directamente na porta de acceso a Infantil. Sairán de forma ordenada, por cursos.
- 16:00h: saída do alumnado transportado. O alumnado que non é transportado será recollido polas súas familias na cancela principal do recinto escolar. Entregaranse de forma ordenada.

PORTAS DE ACCESO AO CENTRO EDUCATIVO

Acceso Infantil: accederán ás aulas por esta porta os seguintes cursos: toda a etapa de Infantil, 1ºA, 1ºB e 3ºB de Primaria.

Acceso porta principal: accederán ás aulas por esta porta os seguintes cursos: 2º, 4º e 6ºB de Primaria.

Acceso porta exterior dereita: accederán ás aulas por esta porta 3ºA, 5º e 6ºA de Primaria.

PROFESORADO (TITORÍAS E ESPECIALISTAS)

- **Infantil:**
 - o 4º Infantil: Raquel Rodríguez Paz.
 - o 5º Infantil: Soraya Álvarez Fernández
 - o 6º Infantil: Mónica Gil Basanta.
 - o Apoio Infantil: Mónica Susana Calvo Díaz.
 - o Lingua estranxeira Inglés: Pablo Méndez Bravo.
 - o Relixión: Belén Rey González (Comparte co CEIP Nº1)
- **Primaria:**
 - o 1º A: Rocío del Carmen Iglesias Lorenzo.
 - o 1º B: Benilde Vidal Álvarez.
 - o 2º: Angélica Bermúdez Grassionot
 - o 3º A: Nuria Montserrat Edrosa Doce. Imparte tamén Ciencias Naturais 4º.
 - o 3º B: José Ángel Riveira Cabaleiro.
 - o 4º: Mª Pilar Basanta Sánchez. Imparte Sección Bilingüe (Plástica en 3º e 4º Primaria)
 - o 5º: Adela Seijo Cao.
 - o 6º A: Iria Candia Lage
 - o 6º B: Mª Natalia Álvarez Fernández. Imparte tamén a materia de inglés en 6ºA e 6ºB.
 - o Lingua estranxeira Inglés: Pablo Méndez Bravo. Impartirá en toda a etapa de infantil, 1ºA, 1ºB e 4º de primaria.
 - o Lingua estranxeira Inglés: Silvia Pérez Martín. Impartirá en 2º, 3ºA, 3ºB e 5º de primaria.
 - o Educación Física: Francisco J. Franco Paleo.

- Música: Eva M^a Barcia García. Imparte tamén as seguintes materias: Plástica 1ºB, Proxecto Competencial 1ºB, Matemáticas 5º, Ciencias Naturais 5º, Plástica 5º.
- Relixión: Belén Rey González (Comparte co CEIP Nº1)
- Pedagogía Terapéutica: M^a José Domínguez Orol.
- Audición e Linguaxe: Francisco Javier Villarino Fernández (Comparte co CEIP Nº1)
- Audición e Linguaxe: Cristina Cao Casabella. Imparte tamén as seguintes materias: Ciencias Sociais 5º, Lingua Galega 6ºB, Valores 6ºB. (Pendente de substitución)
- Orientación: Hermenegildo Suárez Otero (Comparte co CEIP Nº1)
- Auxiliar Conversa: Erin Alayne Csombor

EQUIPA DIRECTIVA DO CENTRO:

- **Xefatura estudos:** Benilde Vidal Álvarez.
- **Secretaría:** Francisco J. Franco Paleo.
- **Dirección:** Adela Seijo Cao.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

Os servizos complementarios de transporte e comedor escolar funcionarán desde o día 11 de setembro ata o 21 de xuño de 2024, ambos inclusive.

Todo o alumnado transportado deberá ser recollido na súa parada por algunha persoa da familia ou alguén autorizado. O transporte non deixará a ningún menor na parada solo.

SERVIZO A MADRUGAR!

Todas as familias que precisen dito servizo para deixar as súas crianzas antes das 9:20h poden poñerse en contacto coa AFA da escola para a súa xestión.

VACACIÓNS ESCOLARES:

Os períodos de vacacións escolares serán os seguintes:

- Nadal: desde o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.
- Entroido: os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.
- Semana Santa: desde o día 25 de marzo ata o día 1 de abril de 2024, ambos inclusive.
- Día do Ensino: 7 de decembro de 2023.
- Días non lectivos solicitados polo centro: 13 de outubro de 2023 e 20 de maio de 2024 (en coordinación co IES de Foz para favorecer a conciliación familiar).

ATENCIÓN AO PÚBLICO:

Teléfonos centro: 982.870314 / 982.870315

E-mail: ceip.ocantel@edu.xunta.gal

Horario de secretaría para cuestións administrativas: de luns a venres de 9:30 a 10:30h.

Para asuntos relacionados coa xefatura de estudos ou dirección, contactar co centro para solicitar cita previa.

ASPECTOS XERAIS

- Os libros de préstamo de 3º e 4º de Primaria serán entregados ao alumnado nas súas aulas nos primeiros días lectivos.
- As familias do alumnado de 5º de Primaria serán convocadas pola coordinadora do Proxecto E-Dixgal a unha reunión informativa sobre o proxecto e a cesión dos equipos.
- Todas as faltas do alumnado deberán ser debidamente xustificadas por escrito. É importante comunicar por teléfono as ausencias o mesmo día que se producen.
- En canto á recollida de alumnado en horario escolar é obrigatorio cubrir o impreso pertinente en secretaría para que o conserxe ou o persoal docente de garda podan ir a buscar ao alumno/a.
- En caso de acudir ao centro máis tarde do horario de entrada é obrigatorio pasar por secretaría e cubrir o impreso para xustificar a falta de puntualidade.
- Infórmase que as celebracións de aniversarios do alumnado serán simbólicas, non se levarán a cabo con ningún tipo de lambetada, nin alimentos aportados polas familias.
- As merendas levaranse a cabo nas aulas antes de baixar ao patio e cada persoa merendará o que a familia lle envíe na mochila.

REUNIÓN DE TITORÍAS

Cada titor/a comunicará ás familias o día e hora da reunión inicial onde se informará dos asuntos máis relevantes da titoría.

***Toda a información relevante do centro, durante o curso, será publicada na páxina web do colexio. É importante revisar a web con certa periodicidade e dispoñer de abalarMóbil para recibir as notificacións do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipocantel/>